

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE XUÑO DE 2020

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19". Adóptanse as seguintes medidas:

- Validación dos seguintes contratos adxudicados polo trámite de emerxencia:
 - Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social (cantidades con IVE incluído)
 - Alcampo: 40.000 euros
 - Carrefour: 35.000 euros
 - Día Retail España: 20.000 euros
 - Día: 20.000 euros
 - Froiz: 20.000 euros
 - Tito González Arca: 1.000 euros
 - Vego Supermercados. Eroski. 40.000 euros.
 - Mercartabria: 40.000, SLU: 40.000 euros.
 - Validación e aprobación de facturas correspondentes a varios contratos de emerxencia
 - “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social do concello de Santiago de Compostela” (VARIOS PROVEDORES).
 - “Servizo de comedor aos nenos e ás nenas beneficiarias de bolsas de comedor” (FREIRE CHICO, SL)
 - “Servizo de limpeza para 20 persoas sen teito do Concello de Santiago de Compostela (convenio de colaboración co Seminario Menor de Belvís)” (LIMPIEZAS SALGADO, SL)
 - “Servizo de vixilancia e seguridade para 20 persoas sen teito do Concello de Santiago de Compostela (convenio de colaboración co Seminario Menor de Belvís)” (SPR VILANOVA, SL)
 - Ampliación do contrato “Limpeza e desinfección de dependencias municipais. Acórdase aprobar a ampliación do citado contrato, dada a situación de alarma decretada e de emerxencia sanitaria, polo procedemento de emerxencia da empresa ISS FACILITY SERVICE, que **realizará o reforzo do servizo de limpeza** de varias dependencias e instalacións municipais, entre as que se atopan a UMAD, CABES, UAMI, Servizos
- Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

Sociais, Atención ao contribuínte, Policía Local, Servizo proxectos e obras, e normalización lingüística. Estímase un orzamento de ampliación do contrato por importe de 8.077,96 euros (IVE excluído). En consecuencia, o prezo final do vixente contrato tramitado por emerxencia, sería de 108.077,96 euros mes (IVE engadido). Ía xa nun punto de Xunta de Goberno.

- **Proposta relativa ao uso das distintas zonas e tipoloxías do sistema de aparcamento regulado ORA no Concello de Santiago**, con motivo do proceso de desescalada. Acordouse establecer como zonas de estacionamento regulado ORA as prazas de aparcamento correspondentes á zona de longa duración, mantendo as obrigas da devandita zona, pero sen que resulte esixible a obriga de pago polo estacionamento. Estas zonas son as do Campus Sur, aparcamento de Pontepedriña e aparcamento de Conxo (Av. Ferrol).

Este acordo será efectivo a partir do martes, 16 de xuño, cando se comezará a controlar o uso correcto da zona, informando aos usuarios no caso de non cumprir coas obrigas establecidas. De momento informarase, pero aínda non se sancionará. O día 23 de xuño, recuperaranse a todos os efectos a totalidade de obrigas e dereitos recollidos na devandita ordenanza.

- **Dación de contas dos informes do S.E.I.S. sobre os novos aforos, derivados da superación do Estado de Alarma, na Praza de Abastos e no Mercado de Salgueiriños.** Dáse conta de:

Novos aforos na Praza de Abastos:

- Naves 2, 3, 6 e 7: máximo de 38 persoas.
- Naves 1,4, 5 e 8: máximo de 52 persoas.

Novo aforo no mercado de Salgueiriños:

- Instalación dun máximo de 137 postos de venda.
- Aforo máximo de persoas: 685 persoas.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á restauración da Canteira Monte de Santa Mariña, nº 65. LIC/1778/2015. Concédese licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á legalización de vivenda unifamiliar na Rúa Torrente, nº 23. LIC/279/2019. Acórdase a legalización da vivenda.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao reforzado de viga de forxado de madeira na rúa do Vilar nº 21. LIC/2131/2019. Apróbbase o reforzada de viga de forxado de madeira.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á rehabilitación de vivenda na rúa Patio de Madres, nº 3. LIC/823/2019. Concédese licenza de rehabilitación.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á posta a disposición dunha parcela municipal para obras de acondicionamento do aparcadoiro provisorio con motivo das obras na Avda. de Rodríguez de Viguri, Avda. de Lugo e outras. (PTM/33/2020). Acórdase pór a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas a citada parcela para realizar un aparcadoiro provisorio.

8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha bonificación no IBI. Acórdase conceder bonificacións no IBI a distintos inmobles de natureza urbana ubicados en zonas que corresponden a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias e que carecen de servizos básicos.

9.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 2.12.19, en materia do imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. Acórdase rexeitar o recurso de reposición.

10.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas polo saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Acórdase conceder a exención solicitada por distintos particulares, por cumprir os requisitos esixidos nas ordenanzas fiscais reguladoras das taxas municipais de saneamento e depuración de augas residuais.

11.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais. (Contratación). Acórdase prorrogar o contrato de aluguer por un prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2020 ata o 14 de xuño de 2021, por un importe mensual de 888,79 euros e un importe anual de 10.665,48 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais. (Contratación). Acórdase prorrogar o contrato de aluguer por un prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2020 ata o 14 de xuño de 2021, por un importe mensual de 997,65 euros e un importe anual de 11.971,8 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao aluguer do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais. (Recadación). Acórdase prorrogar o contrato de aluguer por un prazo de un ano a contar desde o 1 de xullo de 2020 ata o 30 de xuño de 2021, por un importe mensual de 946,24 euros e un importe anual de 11.354,88 euros.

14.- Expediente TXX/1280/2019 - IBI: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Acórdase conceder bonificación do 90% prevista para os inmobles que constitúan o obxecto da actividades das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria.

15.- Expediente TXX/684/2020 - IBI: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Acórdase conceder bonificación do 50%.

16.- Expediente TXX/689/2020 - IBI: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Acórdase conceder bonificación do 50%.

17.- Expediente TXX/706/2020 - IBI: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Acórdase conceder bonificación do 35%.

18.- IBI: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Acórdase conceder bonificación do 70% a un particular, ao cumprir os requisitos esixidos.

19.- IBI: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Acórdase conceder bonificación do 90% a un particular, ao cumprir os requisitos esixidos.

20.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Aprobáronse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito:

- Gastos de diferentes servizos sen contrato en vigor (mantemento sistemas de seguridade, mantemento ascensores, mantemento fotocopiadoras, subministración de gas e gasóleo, e servizo de limpeza) e aprobación de indemnización substitutiva por un importe total de 12.398,81 euros, correspondentes a cinco facturas de diferentes provedores.
- Gastos por prestación do servizo postal do mes de abril e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 659,96 euros a favor da empresa Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos, SA.
- Gastos por amaño de desperfectos na iluminación pública por accidentes de tráfico, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 1.727,61 euros a favor de Ferroviaal Servicios, SA.
- Gastos por subministro e instalación de armario e barreira derruba no túnel do Hórreo por accidente de tráfico, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 3.561,70 euros a favor de Kapsch Trafficcom Transportatiton.
- Gastos de diferentes servizos (mantemento e reparación de edificios, mantemento fotocopiadoras, subministración de gas e gasóleo, e servizo de limpeza) e aprobación de indemnización substitutiva por un importe total de 13.516,18 euros, correspondentes a catro facturas de diferentes provedores.

21.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á modificación dos prazos para a aprobación e publicación das listaxes provisionais, definitivas e de matriculación nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío - Salgueiriños para o curso 2020-21. Acórdase a modificación dos prazos para a aprobación e publicación das listaxes provisionais definitivas nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas, e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2020/2021.

- O prazo de publicación das listaxes provisionais será entre o 25 de xuño e o 2 de xullo de 2020.
- Reclamacións: as persoas solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos 5 días posteriores á data da exposición pública da relación provisional.
- O prazo de publicación das listaxes definitivas será entre o 14 de xullo e o 23 de xullo de 2020.
- O prazo de matriculación será de sete días hábiles, despois da publicación das listaxes definitivas.

22.- Proposta para a suspensión dos contratos de xestión das escolas infantís. Acórdase propor ao órgano de contratación a suspensión parcial dos contratos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas, e Meixonfrío-Salgueiriños, desde o 15 de xuño ata o 16 de agosto, actualmente en execución, e asinados entre o Concello de Santiago de Compostela e a empresa Servicios y Materiales (SERMASA) mantendo tan só en activo aos tres responsables de dirección e á coordinadora das escolas infantís.

23.- Proposta para a ampliación do contrato "servizo de limpeza nos edificios e instalacións do concello de Santiago de Compostela", adxudicado polo trámite de emerxencia. Acórdase aprobar a ampliación do citado contrato, dada a situación de alarma

decretada e de emerxencia sanitaria, polo procedemento de emerxencia da empresa ISS FACILITY SERVICE, que **realizará o reforzo do servizo de limpeza** de varias dependencias e instalacións municipais, entre as que se atopan a UMAD, CABES, UAMI, Servizos Sociais, Atención ao contribuínte, Policía Local, Servizo proxectos e obras, e normalización lingüística. Estímase un orzamento de ampliación do contrato por importe de 8.077,96 euros (IVE excluído). En consecuencia, o prezo final do vixente contrato tramitado por emerxencia, sería de 108.077,96 euros mes (IVE engadido).

24.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán para solicitar a adhesión do concello de Santiago ao "Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a posta en marcha do programa para o control da COVID-19 nos efectivos da Policía Local dos concellos galegos". Acórdase solicitar a adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao "Convenio entre a Vicepresidencia da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a posta en marcha do programa para o control da COVID19 nos efectivos da policía local dos concellos galegos.

Mediante este convenio as entidades locais comprométese a facilitar aos seus efectivos da policía local, a realización do test serontolóxico COVID19; incluír nos estudos epidemiolóxicos que poida realizar a entidade local os resultados obtidos pola realización do test, así como a súa utilización para a posta en marcha de campañas de divulgación e prevención sanitaria; e incluír na formación dos efectivos aspectos de hixiene, prevención e control de casos de contaxio por COVID19.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación da execución das obras recollidas no proxecto "Prolongación beirarrúa marxe pares (este) da Rúa do Tambre entre Meixonfrío e o polígono do Tambre" (POS-2015 Adicional 1)". Acórdase a aprobación do citado expediente, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 246.909,46 euros (IVE aparte. 21% por unha contía de 51.850,99 euros).

26.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local.

Dáse conta.

27.- Dar conta de sentenzas xudiciais. Dase conta de dúas sentenzas, unha sobre xuros polas cantidades a satisfacer na liquidación/compensación anual do servizo de Tralusa, contra a que cabe recurso de casación; e a segunda sobre contratación laboral, recorrible en suplicación.

28.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta

URXENCIAS

- 1. Proposta de aprobación do convenio de colaboración, entre a Xunta de Galicia, a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil co fin de colaborar nos gastos de adquisición dun vehículo todo camiño, un todo terreo e un furgón.** Apróbase a proposta, para a que se destinará un orzamento de 120.000. Mediante este convenio, Xunta aportará 55.000 euros, a Deputación provincial outros 55.000 e o concello de Santiago 10.000.